



**BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR
DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO
" REHABILITACIÓN CASA PEÓNS CAMIÑEIROS"**

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos do 10 ao 14 da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm. 22, mércores, 3 de febreiro de 2021), e nas Instrucións do 15/06/2021, ditadas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, o establecemento do sistema, procedemento e baremos que se aplicarán na selección do alumnado-traballador no **OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO " REHABILITACIÓN CASA PEÓNS CAMIÑEIROS"**.

Os obradoiros duais de emprego configúranse como programas mixtos de emprego e formación que teñen por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaoto ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

O Obradoiro dual de emprego "Rehabilitación casa peóns camiñeiros" é promovido polo Concello de Culleredo e o Concello da Coruña.

As especialidades a impartir son as seguintes:

Especialidade formativa/ núm. alumnos/as	-Instalación de elementos de carpintería (MAMS0108) – 10 alumnos/as. -Operacións básicas de revestimentos lixeiros e técnicos en construción (EOCJ0311).- 10 alumnos/as.
--	--

A actuación a realizar é a seguinte:

No obradoiro dual de Emprego denominado "**Rehabilitación casa peóns camiñeiros**", o fin é rehabilitar unha vivenda con unha antigüidade aproximada de 90 anos, que foi empregada como casa de Peóns Camiñeiros, situada na rúa Acea de Ama núm. 29, que ten por obxecto a recuperación deste tipo de vivenda para uso dotacional e aproveitando a situación tan próxima ao Camiño Inglés, decídese utilizar o edificio como centro de "Posta en valor de Camiños de Culleredo", con especial énfase no Camiño de Santiago que percorre o noso municipio.

O obradoiro terá unha duración de 9 meses e formará a 20 alumnos/as traballadores/as. As persoas traballadoras serán contratadas, baixo a modalidade de contrato de traballo para a formación e aprendizaxe e percibirán as retribucións que lles correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Atendendo ó establecido na cláusula segunda do convenio de colaboración suscrito entre o Concello de Culleredo e o Concello da Coruña para a realización deste programa, participará alumnado de ámbolos dous concellos e seleccionaranse 14 alumnos/as do Concello de Culleredo e 6 alumnos/as do Concello da Coruña

Contratarase ao seguinte persoal para o programa de emprego:

POSTO	XORNADA
1 DIRECTOR/A	COMPLETA
1 DOCENTE ESPECIALIDADE: Instalación de elementos de carpintería (MAMS0108)	COMPLETA
1 DOCENTE ESPECIALIDADE: Operacións básicas de revestimentos lixeiros e técnicos en construción (EOCJ0311)	COMPLETA
1 TITOR/A	AO 75% DA XORNADA
1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	AO 75% DA XORNADA

A modalidade contractual que se aplicará para o persoal docente e directivo será dun contrato de traballo de duración determinada por obra ou servizo. A relación contractual do persoal rexerese pola normativa sobre contratación laboral temporal.

O alumnado será contratado mediante a modalidade de “contrato para a formación e o aprendizaxe”, de acordo co disposto no apartado 1 da disposición adicional segunda do texto refundido la lei do Estatuto dos traballadores, a estes contratos non será de aplicación o limite de idade, nin o de duración establecido, no artigo 11.2.a) e b) de dito estatuto.

O presente proxecto terá como data prevista para o seu inicio o **15/10/2021**.

En vista da normativa exposta propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguinte procedemento:

Grupo de traballo

O grupo de traballo ou comisión de selección estará formado por tres persoas, dúas representantes do Concello de Culleredo, unha delas ostentará a presidencia, e unha representante do Concello da Coruña.

Como asesores especializados na área de emprego e como apoio e asesoramento técnico poderán actuar dúas persoas unha como representante do Concello de Culleredo e unha como representante do Concello da Coruña

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do programa de emprego poderá formar parte do grupo de traballo nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

O grupo de traballo considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, dous dos seus compoñentes, tendo a persoa que ostente a presidencia, para os supostos de empate nas votacións, voto de calidade.

O grupo tamén resolverá por maioría de votos dos/as seus membros, todas as dúbidas que xurdan na aplicación e interpretación das normas contidas nas presentes bases.

As persoas que representen tanto ao Concello de Culleredo como ao Concello da Coruña poderán nomear a quen estimen oportuno para, en caso de necesidade, substituír a calquera dos membros citados que represente a cada un dos concellos.

O grupo de traballo actuará sempre de acordo os principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia nas asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación.

A este grupo de traballo, corresponderalle realizar tódalas actuacións encamiñadas á selección dos/as aspirantes a ocupar as prazas obxecto da convocatoria así como aquelas outras que, de conformidade coa normativa aplicable, teñan atribuídas.

Requisitos dos/as aspirantes

As persoas participantes no proceso selectivo, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1.- Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, empadroados no Concello de Culleredo e no Concello da Coruña.
- 2.- Ter 18 ou máis anos e que non superen a idade máxima que establece a normativa vixente no momento da selección do alumnado.
- 3.- Os/as candidatos cumprirán así mesmo os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao programa de emprego, dende a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 13 da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade.
- 4.- Como a formación a impartir no proxecto vai dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel 1 e nivel 2, os/as candidatos/as cumprirán cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados.

Procedemento de selección

O procedemento de selección consistirá na tramitación previa de oferta de emprego á oficina de emprego Coruña-Monelos e a aplicación dun baremo de selección que se incorpora como anexo destas bases.

Oferta de emprego

Unha vez constituído o grupo de traballo, e aprobados os criterios de selección do alumnado-traballador que van a participar no programa de emprego, tramitarase a oferta á oficina de emprego Coruña Monelos, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

a) Ámbito territorial: Concello de Culleredo e Concello da Coruña
b) Prazas: 10
c) Códigos: INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DE CARPINTERÍA (MAMS0108)
d) Idade: Ter 18 ou máis anos e que non superen a idade máxima que establece a normativa vixente no momento da selección do alumnado.
e) Nº de candidatos/as a remitir: na medida do posible 3 por posto
f) Requisitos de formación: Cumprir os requisitos para poder celebrar un contrato para a formación durante toda a duración do proxecto e cumprir cos requisitos de acceso a un nivel 2 de certificado de profesionalidade.



a) Ámbito territorial: Concello de Culleredo e Concello da Coruña
b) Prazas: 10
c) Códigos: OPERACIÓNS BÁSICAS DE REVESTIMENTOS LIXEIROS E TÉCNICOS EN CONSTRUCCIÓN (EOCJ0311)
d) Idade: Ter 18 ou máis anos e que non superen a idade máxima que estableza a normativa vixente no momento da selección do alumnado.
e) Nº de candidatos/as a remitir: na medida do posible 3 por posto
f) Requisitos de formación: Cumprir os requisitos para poder celebrar un contrato para a formación durante toda a duración do proxecto.

A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: 340, 320, 330 ou 370 a partir dos 18 anos.

Entrevista persoal e criterios preferentes de selección: Baremo

Nos criterios de selección do alumnado-traballador procurarase a maior adaptación das persoas que se van a seleccionar ás especialidades e as particulares circunstancias de dificultade destas.

O grupo de traballo mixto levará a cabo a selección dos 20 alumnos/as e a súa distribución por especialidades en primeiro lugar a través dunha **entrevista persoal**, na data que fixe o grupo de traballo, na que as persoas candidatas manifestarán ás súas aptitudes e capacidades tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, o seu desexo de renuncia ou as súas preferencias polas distintas especialidades do programa de emprego.

Rematada esta fase, publicaranse as puntuacións obtidas no mesmo local onde tivo lugar a entrevista e na páxina web do Concello de Culleredo e do Concello da Coruña.

En segundo lugar, o grupo de traballo **baremará** os/as candidatos/as aplicando criterios obxectivos que figuran no artigo 11º da Orde do 31 de decembro de 2020, (DOG nº 21 do 2 de febreiro de 2021) e segundo baremo que se xunta (Anexo I), avaliando as circunstancias persoais dos/as candidatos/as remitidas pola oficina de emprego.

O grupo de traballo, efectuará a selección definitiva, redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial (sección de programas mixtos), acompañada da relación de admitidos/as e excluídos/as indicando a puntuación total e as especialidades formativas ás que son adscritos.

Listaxe de reserva

O grupo de traballo mixto, coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnado-traballador, elaborará unha listaxe de reserva que estará integrada polos/as candidatos/as que, non sendo seleccionados, obtiveran as maiores puntuacións.

Incidencias e reclamacións

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2021, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas mesmo cando as entidades promotoras sexan un organismo público.





As incidencias e reclamacións que se susciten no proceso de selección seguido, presentaranse ante o grupo de traballo no prazo de 3 días naturais a contar dende o seguinte o da exposición das listaxes de admitidos e reservas e serán resoltas polo grupo de traballo.

Publicacións e/ou notificacións:

As presentes bases serán expostas ao público nos taboleiros de anuncios sa oficina de emprego que tramite a oferta de emprego, así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello de Culleredo e no Concello da Coruña.

O grupo mixto de traballo acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses dos candidatos de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normativa aplicable.

Culleredo, na data da sinatura dixital

Polo Concello de Culleredo

Isabel Buján Bernárdez
Xefa do Servizo de Dinamización, Formación e Emprego

Polo Concello da Coruña

Ana Colino Gallego
Xefa da Sección de Emprego



ANEXO I

BAREMO PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTE

NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO

“REHABILITACIÓN CASA PEÓNS CAMIÑEIRO”

As persoas candidatas remitidos pola oficina de emprego, que deberán cumprir os requisitos mínimos previstos na Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 31 de decembro de 2020 (DOG núm. 22, do 3 de febreiro de 2021) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia serán avaliados mediante a aplicación do seguinte baremo de acordo co previsto no artigo 11.

CRITERIOS		PUNTOS
Mulleres en xeral		1
Mulleres beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero		2
Discapacidade -> 33% sempre que lle permita realizar os traballos con prácticas a desenvolver con ocasión da participación no obradoiro		1
Protección por Desemprego	Perceptores de Desemprego	1
	Perceptores de Subsidios	2
	Non perceptores	3
Tempo de Desemprego (Segundo vida laboral)	Menos de 12 meses	1
	De 12 a 18 meses	2
	Máis de 18 meses	4
Categoría Profesional (No traballo inmediatamente anterior segundo vida laboral)	Autónomos	0
	Grupo de Cotización del 1 al 7	0
	Grupo de Cotización 8	1
	Grupo de Cotización 9	2
	Grupo de Cotización 10	3
	Sen emprego anterior	4
Pertenza a colectivo desfavorecidos ou en risco de exclusión social (Acreditado mediante informe dos servizos sociais municipais dos concellos respectivos)		2
Formación Académica	Ata Graduado en ESO	3
	Bacharelato/BUP ou FP Ciclo medio	2
	Títulos Universitarios e FP Ciclo Superior	1
Responsabilidades familiares/unidade familiar de convivencia (entendéndose por elas a existencia dunha unidade	Unidade familiar de 4 ou máis membros	1



<p>familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)</p>	<p>Monoparental con fillo/a/s</p>	<p>1</p>
<p>Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI)</p>		<p>2</p>
<p style="text-align: center;">ENTREVISTA</p> <p>Na que se valorará o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.</p> <p style="text-align: center;">(Puntuarase ata un máximo de 11 puntos)</p>		



XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE EMPREGO
 E IGUALDADE**



galicia

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Sección Empleo (ANA LUISA COLINO GALLEGO) a las 10:52 del día 27/09/2021. Mediante el código de verificación 0U06684N085B2T4B1B9Y puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web <https://sede.coruna.gob.es/>

